



VI
SI
BLES

ONDE ESTÁN AS MULLERES ARTISTAS NO MUSEO?

Esta cuestión vén estando moi presente nos museos durante os últimos anos; estes tentaron recuperar a memoria das artistas a través de diversas accións: celebrando grandes exposicións, organizando actividades monográficas sobre o papel da muller na historia da arte ou aumentando as obras de autoría feminina.

Con todo, ao longo da historia, a muller, no seu papel de creadora, estivo practicamente ausente nos museos, a pesar de que podemos atopar artistas traballando como tal en practicamente calquera época.

Nas salas do Museo de Pontevedra, atopámonos con dezasete mulleres artistas, catorce pintoras e tres escultoras, aínda que en total nos fondos do museo contamos con obras de máis de oitenta.

A meirande parte delas localízanse no Edificio Castelao, principalmente na terceira planta, dedicada á arte contemporánea, xa que a visibilidade das mulleres artistas foi parella ao logro doutros avances que foron acadando pouco a pouco, de aí que a súa presenza sexa menor na segunda e na primeira planta, que

se corresponden con tempos anteriores, o que reflicete unha realidade histórica máis adversa para elas.

Na segunda planta do Edificio Sarmiento, na colección de Sánchez Mesas-Fernández de Tejada, tamén se expón a obra doutras catro artistas españolas contemporáneas.

As pinturas e as esculturas destas artistas permítennos aproximarnos ás diferentes correntes artísticas que predominaron en España desde as últimas décadas do século XIX ata os albores do século XXI. Así mesmo, as traxectorias tamén nos axudan a coñecer de primeira man as dificultades que experimentaron cando decidiron consagrar a súa vida á arte.

MULLER E CREACIÓN PLÁSTICA: UNHA CARREIRA DE OBSTÁCULOS

No século XIX, dentro do que se consideraba parte da formación dunha señorita burguesa incluíanse nocións de debuxo e pintura, pero sempre como un pasatempo; se unha moza quería dedicarse á arte de forma profesional, atopábase con numerosas trabas: oposición familiar, veto á asistencia a algunhas clases, coma a de Anatomía, ou o rexeitamento de moitos profesores.

A partir da segunda metade do devandito século, en Galicia xa puideron formarse na Academia de Debuxo da Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago de Compostela e tamén na Academia da Nosa Señora do Rosario da Coruña. En ambas as dúas existía unha sección exclusiva para mulleres, polo que non recibían a mesma educación que os seus compañeiros homes. Moitas delas optaron por formarse en academias privadas, como foi o caso de Carmen Babiano, que o fixo na do pintor catalán Ramón Vives i Ayné. Resulta paradoxal que, dadas as complicacións que tiñan para acceder á educación, atopasen na docencia un espazo para poder dedicarse á arte, coma

Elvira Santiso na citada Academia de Debuxo de Santiago de Compostela ou María del Carmen Corredoira na Escola de Artes e Oficios da Coruña (ver texto núm. 2).

A nivel estatal atopámonos con que a primeira muller que accedeu á Academia de San Fernando o fixo no curso 1873-1874, máis de cen anos despois da súa creación. E desde ese momento seguirán facéndoo, pero a contagotas e sen poder acceder a todas as materias ata o curso 1920-1921.

Conforme avanzaba o século XX as mulleres irán aumentando a súa presenza nas aulas; así, nos anos vinte constituían o 10 % do total do alumnado, pero nos sesenta a porcentaxe xa se aproximaba moito á dos homes e situábase arredor do 46 %. Tamén houbo mulleres que asistían ás clases da Academia como alumnas libres, coma María Antonia Dans ou María Victoria de la Fuente.

Xa na década dos noventa, como podemos ver na sala 3.6 do Edificio Castelao, son moitas as mulleres que se forman nas facultades

de belas artes de todo o país e que despois serán profesoras nelas, coma Berta Cáccamo, Tatiana Meda ou Almudena Fernández.

Cando as artistas comezaban as súas aparicións na vida pública, participando en exposicións e presentándose a concursos, os comentarios e as valoracións que recibían eran moi diferentes dos que se lles facían aos seus colegas masculinos. Resulta moi habitual atopar referencias a artistas asociando as súas obras ao concepto de natureza ou con comentarios que eloxiaban o seu traballo aludindo a que era bo porque parecía feito por un home (ver texto núm. 5), mesmo incluían datos anecdóticos coma a súa idade ou o seu estado civil.

Ademais, considerábase que había xéneros máis adecuados para as mulleres, coma as paisaxes, os bodegóns, as escenas de xénero ou os retratos, e no seu traballo valorábase a súa capacidade para a copia e a pulcritude na execución por riba da inventiva ou do realismo que se esperaba dos homes (ver texto núm. 6).

A continuación, ofrecémosvos un breve repaso pola historia das mu-

lles artistas a partir do século XIX a través das obras das creadoras que se expoñen nas salas do Museo de Pontevedra.

QUEN SON ESTAS MULLERES?

ONDE PODEMOS VER A SÚA OBRA?

CARMEN BABIANO (SANTIAGO, 1852 - PONTEVEDRA, 1914): pertencente a unha destacada familia de Pontevedra, era sobriña do contraalmirante Méndez Núñez. Interouse pola pintura desde moza e participou en varios certames, coma a Exposición Rexional de Pontevedra de 1880, na que presentou a obra *As pitas*. Magnífica debuxante, colaborou coa Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra e con *La Ilustración Gallega y Asturiana*. Tamén destaca o seu papel dinamizador do ambiente cultural pontevedrés, xa que converteu a súa casa nun punto de encontro de músicos, artistas e escritores.



Retrato de Carmen Babiano de Ramón Vives

Onde podemos ver a súa obra?

Edificio Castelao, sala 1.7. *As pitas*, 1880.

ELVIRA SANTISO (BETANZOS, 1872 - SANTIAGO DE COMPOSTELA, 1961): exemplo de muller artista independente que, ao igual que os seus colegas, tivo unha carreira profesional e docente de éxito. Formouse na Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago de Compostela, onde despois sería profesora. A súa obra afástase das típicas escenas de flores e paisaxes impostas ás mulleres artistas e mostra predilección polas escenas costumistas e polos retratos. Seguiu esquemas propios do rexionalismo, cunha pincelada solta e cun vibrante cromatismo.

Onde podemos ver a súa obra?

Edificio Castelao, sala 2.2. *Campesiña*, s/d.



Apunte para un autorretrato (ca. 1924)

M.^A DEL CARMEN CORREDOIRA (A CORUÑA, 1893 - 1970): pintora que acadou importantes logros en vida; formouse primeiro na Coruña e despois en Madrid. Foi, xunto a María Dolores Díaz Baliño, a primeira muller académica da Real Academia de Belas Artes da Nosa Señora do Rosario da Coruña. A súa pintura máis recoñecida céntrase en plasmar os ambientes silenciosos e íntimos dos conventos e das igrexas.

Onde podemos ver a súa obra?

Edificio Castelao, sala 2.2. *Entrada del convento de las Bárbaras*, ca. 1922-1930.



Niña desnuda (Inocencia), 1913

MARÍA RÖESSET (ESPINHO 1882 - MANILA, 1921): procedente dunha familia cuxas mulleres participaron activamente no panorama cultural; foi tía da pintora Marisa Roësset, da escultora Marga Gil Roësset e da editora Consuelo Gil Roësset. Tras enviuar moi nova, formouse no estudio do pintor Eduardo Chicharro, viaxou por Europa e España e comezou a súa actividade como copista no Museo de El Prado. Entre as súas obras destacan as escenas de xénero e os retratos.

Onde podemos ver a súa obra?

Edificio Castelao, sala 2.4. *Niña desnuda (inocencia)*, 1913.

JULIA MINGUILLÓN (LUGO, 1906 - MADRID, 1965): formada na Academia de Belas Artes de San Fernando de Madrid, o seu estilo móvese dentro do gusto estético da posguerra. Foi a primeira e única muller premiada cunha primeira medalla na Exposición Nacional de 1941, coa obra *Escola de Doloriñas*. Foi nomeada académica da Real Academia Galega. A súa obra figura no Museo de Arte Contemporánea de Madrid, en todos os museos de Galicia e noutros museos españois e europeos.




Escola de Doloriñas (Ca. 1940-1941)

Onde podemos ver a súa obra?

Edificio Castelao, sala 3.4. *El baño*, 1945.

MARUJA MALLO (VIVEIRO, 1902 - MADRID, 1995): membro da Xeración do 27, é unha das figuras claves da arte española do século XX. Estudou na Real Academia de Belas Artes de San Fernando de Madrid, na que foi a única muller dese curso que superou o durísimo exame de ingreso, e foi membro da Xeración do 27. A pesar de que adoita aparecer sempre relacionada co surrealismo, o certo é que a súa obra mostra influencias doutras moitas correntes estéticas.



Firma Maruja Mallo

Onde podemos ver a súa obra?

Edificio Castelao, sala 3.4. *Cabeza de negra*, 1946.

MARÍA VICTORIA DE LA FUENTE (VIGO, 1927 - MADRID, 2009): o seu primeiro mestre de pintura foi o renovador Carlos Maside. Completou a súa formación en Madrid e viaxou por toda Europa. A súa obra plasma o seu mundo interior e aquilo que a rodeaba cunha linguaxe moi persoal. Recibiu varios recoñecementos, coma a Medalla Castelao (1997), e foi membro da Real Academia Galega de Belas Artes.



La sombra MaríaVictoria de la Fuente

Onde podemos ver a súa obra?

Edificio Castelao, sala 3.4. *Retrato de mi madre*, 1969; *María duerme*, 1965; *El gato en el sillón*, 1986; *Homenaje a Leonardo. La pintura es una cosa mental*, 2003. Sala 3.6. *Pintura I*, 1962. Sala 3.5 *Pintura II*, 1962.

M.^A ANTONIA DANS (OZA DOS RÍOS, 1922 - MADRID, 1988): a súa carreira artística foi moi intensa; aparecía constantemente nas crónicas artísticas da época, expuxo por toda España e viaxou por Europa e América, o que lle permitiu entrar en contacto con novos ambientes artísticos, aínda que Galicia foi a protagonista da súa obra. O seu estilo defínese por certa inxenuidade no debuxo e un forte protagonismo da muller e da paisaxe.

Onde podemos ver a súa obra?

Edificio Castelao, sala 3.6 *La frutera (vendedora)*, 1960; e *Campesiña*, ca. 1966.

ELENA COLMEIRO (SILLEDA, 1932 - MADRID, 2021): comezou moi nova a súa andaina como ceramista na Escola Nacional de Cerámica de Bos Aires, onde se trasladaría a familia uns anos despois do exilio do seu pai, o pintor Manuel Colmeiro. As súas obras son abstractas e nelas predomina a curva. Expuxo por toda España, Europa e América, e a súa obra é considerada precursora da escultura cerámica en España.

Onde podemos ver a súa obra?

Edificio Castelao, sala 3.6 *Cerámica*, ca. 1960. Sala 5.3 *Sen título*, s/d

ALMUDENA FERNÁNDEZ (VIGO, 1970): forma parte da primeira xeración de artistas da Facultade de Belas Artes de Pontevedra, onde despois será profesora. A súa vinculación coa arte vai máis aló do papel de creadora, pois tamén dedicou boa parte da súa carreira a estudar a pintura contemporánea. Conta con varias publicacións sobre o tema, coma *Pintura site* (2014) ou *Lo que la pin tura no es* (2010).



Almudena Fernández

Onde podemos ver a súa obra?

Edificio Castelao, Sala 3.6 *De esto y de aquello*, 1999.

TATIANA MEDAL (A CORUÑA, 1971): pertence tamén á primeira promoción de artistas da Facultade de Belas Artes de Pontevedra. A súa produción comezou na década dos noventa percorrendo espazos nacionais e internacionais, impulsada por numerosas bolsas. Na súa obra predomina a liña recta e a superposición de planos, que nos lembran as planimetrías urbanas.

Onde podemos ver a súa obra?

Edificio Castelao, sala 3.6 *Sen título*, 2001.

BERTA CÁCCAMO (VIGO, 1963 - 2018): medrou nunha contorna que fomentaba a súa creatividade, o que a levou a estudar Belas Artes en Barcelona, onde gozou de numerosas bolsas, que lle permitiron formarse en cidades coma París ou Roma. A súa obra caracterízase pola abstracción e polo uso de grandes formatos. Foi profesora na Facultade de Belas Artes de Pontevedra e premiada, entre outros, na Bienal desta cidade en 1989. Tamén destacou polas súas investigacións sobre o sentido da pintura contemporánea.

Onde podemos ver a súa obra?

Edificio Castelao, sala 3.6. *París tropical*, 1989.



JUANA FRANCÉS (ALICANTE, 1924 - MADRID, 1990): iniciou os seus estudos na Academia de San Fernando de Madrid, pero o ambiente da institución non lle agradaba, o que a levou a complementar a súa formación en París, onde entrou en contacto coas vangardas europeas. Formou parte do grupo El Paso, do que era a única muller e ao que tamén pertencía o seu marido, o escultor Pablo Serrano. A súa obra móvese entre a abstracción e a figuración, cunha linguaxe moi persoal e recoñecible, tinguida de desencanto polo mundo que a rodea.



Homínido

Onde podemos ver a súa obra?

Edificio Sarmiento, sala Colección Sánchez-Mesas. *Homínido*, 1970.

MARINA NÚÑEZ DEL PRADO (LA PAZ, 1910 - LIMA, 1995): formouse na Escola Nacional de Belas Artes de La Paz e en Nova York grazas a unha bolsa que lle concedeu a Asociación Americana de Mulleres Universitarias. Foi a primeira muller profesora na devandita escola boliviana, na que se ocupaba das aulas de Escultura e Anatomía Artística. As súas obras inspíranse na cultura indíxena do seu país, da que foi unha firme defensora. É considerada unha figura chave na introdución da modernidade na escultura latinoamericana durante a primeira metade do século XX..

Onde podemos ver a súa obra?

Edificio Sarmiento, sala Colección Sánchez-Mesas. *Visitación*, s/d.



Altae Rosae doble, 1977

ISABEL VILLAR ORTIZ DE URBINA (SALAMANCA, 1934): formouse na Academia de Belas Artes San Eloy de Salamanca e despois na de San Fernando de Madrid. As protagonistas da súa obra, sempre figurativa, son mulleres representadas en escenas cotiás, xeralmente en espazos abertos e xardíns. Formou parte de varios grupos artísticos coma La Cepa, Koiné ou Tormes.

Onde podemos ver a súa obra?

Edificio Sarmiento, sala Colección Sánchez-Mesas. *Altae Rosae doble, 1977.*

SOFÍA MORALES (MADRID, 2005): estudou na Escola de Artes e Oficios de Murcia e posteriormente en Madrid. Destacou polas súas pinturas e como redactora en diferentes revistas da época coma *Telva* ou *Medina*. Nos anos cincuenta conseguiu o recoñecemento internacional nos EUA e máis tarde en París. Foi nomeada académica honorífica da Real Academia de Belas Artes de Santa María de la Arrixaca no ano 2000.

Onde podemos ver a súa obra?

Edificio Sarmiento, sala Colección Sánchez-Mesas. *Altae Rosae doble, 1977.*

QUE ROLES DE XÉNERO PODEMOS COÑECER TRAVÉS DA OBRA EXPOSTA NO MUSEO DE PONTEVEDRA?

- **Muller-musa:** se botamos a vista atrás, observaremos que o papel principal que desempeñou a muller na arte ata hai ben pouco é o de musa, fonte de inspiración e beleza.

Onde?

La musa y el pintor. Eduardo Rosales. Sala 1.6.

La siesta. Marcos Hiráldez. Sala 1.6.

- **Muller-nai:** ao longo dos séculos considerouse que a función principal dunha muller é ter descendencia e que, polo tanto, o seu rol na sociedade é exercer de nai. Nas salas do museo temos múltiples exemplos tanto de imaxes relixiosas coma de maternidades.

Onde?

Virgen blanca. João de Ruão. Sala 1.1.

Maternidad. Fernando Albert. Sala 1.6.

Maternidade. Manuel Colmeiro. Sala 3.1.

Dobre maternidade. Arturo Souto. Sala 3.1.

- **Muller-artista na sombra:** unha situación que tiveron que afrontar moitas mulleres é exercer de "artista na sombra"; é dicir, desenvolver a súa arte baixo á dunha figura masculina, realizando obras que despois eran asinadas por eles. Artistas, escritoras, fotógrafas... pasaron á historia por ser "mulleres de", pero non polo seu verdadeiro papel como creadoras. No Museo de Pontevedra hai exposta unha obra de Rodin, cuxa muller, Camille Claudel, realizou moitas das esculturas que despois asinaba o propio Rodin

Onde?

L'Âge d'airain. Rodin. Sala 1.6.

- **Muller-mecenas:** desde a Antigüidade as mulleres actuaron como grandes mecenas das artes, protectoras de artistas e coleccionistas, encargando obras para decorar as súas casas, para ser doadas a algún templo ou enriquecer o patrimonio da familia.

Onde?

Retrato de Joaquina de Osma y Zabala. Joaquín Vaamonde. Sala 1.8.

- **Muller - símbolo de Galicia:** neste caso non falamos dun estereotipo universal, senón dunha característica da arte galega de renovación, na que se identificou Galicia como un ente feminino, forte, loitador e protector.

Onde?

Galicia nai e señora. Uxío Souto. Sala 3.3.

BIBLIOGRAFÍA

MAYAYO, P., *Historias del arte, historias de mujeres*, Cátedra, Madrid, 2007

MÉNDEZ, L., «Tras las huellas de algunas artistas visuales gallegas del siglo XX». Álbum de mulleres. Consello de Cultura Galega, 2009.

MUÑOZ LÓPEZ, P., «Mujeres españolas en las artes plásticas». *Arte, Individuo y Sociedad*, 73 2009, vol. 2, 73-88

PEREIRA BUENO, F., *A presenza das mulleres pintoras na arte galega: 1858-1936*, Edicións do Castro, A Coruña, 2004



Texto 1

“Galicia fue siempre una patria prodigiosa en grandes ejemplos femeninos. En el arte, en la ciencia, en la guerra, en la vida diaria, la mujer se destacó a la par del hombre y no hubo en nuestro país acción y pensamiento, por arriesgado, sutil, distinto que fuese, en el que no se encuentre una extraordinaria mujer a su frente”.

Luis Seoane. *Galicia emigrante*, 1954

Texto 2

“Art. 48. Se les enseñará con preferencia el dibujo de adorno, como **más necesario en las labores de su sexo**, quedando no obstante en libertad la que quiera dedicarle al dibujo natural previo **consentimiento de sus padres o encargados**.”

Art.25. En atención a que la Sociedad necesita emplear sus fondos en otros objetivos de más urgente interés, y que **el dibujo no es tan necesarios a las jóvenes como a los artistas**, contribuirá cada una con la cantidad de ocho reales mensuales”.

Regulamento da Academia de Debuxo da Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago de Compostela (1837)

Texto 3

“Todo el mundo llevaba sombrero, era algo así como un pronóstico de diferencia social, pero un buen día a Federico, a Dalí y a Margarita Manso, otra estudiante, y a mí se nos ocurrió sacarnos el sombrero y al atravesar la Puerta del Sol nos apedrearon, insultándonos, como si hubiéramos hecho un descubrimiento, como Copérnico o Galileo. Por eso nos insultaban, porque pensaban que despojarse del sombrero era como una manifestación que no era propio de su sexo”

Texto 4

“¡Si el mundo fuera como el mundo
Que ven tus ojos: la retama
Dorada, el carmín, el azul
Pulsando sus mágicas arpas!
Y los seres en romería, claros los cielos y las almas,
Claros los cuerpos vertiginosos
Que apetecen cimas y alas
(No el amarillo de la envidia,
Ni el gris de la desesperanza.)
Una perpetua fiesta, un mundo
Recién nacido, una palabra
De amor, un cántico y un sueño
Que navega sobre las lágrimas”

Poema de Pedro Hierro dedicado a María Antonia Dans

Texto 5


“¿Por qué, por qué esa coletilla? Era humillante. ¿Por qué no podían decir ‘pinta como una mujer de talento’? No, el elogio máximo era ‘parece pintando por un hombre’”.


María Antonia Dans en referencia á crítica polo mural do Hotel Wellington

Texto 6

“En la época esta éramos tan rancios, eran tan rancios, que había personas, amistades o familia, que me decían con mucho retintín: Ay, creo que en Bellas Artes dibujan desnudos. Y yo estaba tan harta que me inventé que había cogido la rama de Paisaje, cosa que no existía para nada”.

Entrevista a M.^a Isabel Torre Cañeque. *La mujer en la Escuela de Bellas Artes de San Fernando (1873-1967)*. África Cabanillas Casafranca, Amparo Serrano de Haro





Edita: Museo de Pontevedra
Texto, diseño e maquetación: ????
Depósito Legal: PO 319-2022

Centralita: +34 986 80 41 00
Extensións do Departamento de Educación: 42413 e 42416
E-mail: educación.museo@depo.es
<http://www.museo.depo.gal>



MUSEO
PONTEVEDRA

www.museo.depo.gal